



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA DE CULTURA DE PORTO DO SON.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Porto do Son o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Porto do Son para realizar as obras de mellora da eficiencia enerxética da Casa de Cultura de Porto do Son.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Trátase dunha infraestrutura cultural que permite o acceso real á cultura a todas as persoas, con independencia de onde vivan.*

*O Concello de Porto do Son conta cunha Casa de Cultura, que dispón de biblioteca, sala de exposicións e auditorio, onde se lean a cabo actividades lúdicas, formativas e culturais. A casa da cultura conta cun sistema de climatización consistente en chan radiante eléctrico, que xenera un importante consumo, polo que se fai necesario substituílo por sistemas de calefacción máis eficientes para reducir o consumo enerxético e mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Así mesmo, a cuberta do edificio presenta falta de aislamiento térmico e problemas de impermeabilización, o que se considera unha das principais causas que afectan negativamente á eficiencia enerxética do edificio. Trátase de actuacións necesarias para que o centro poida ofrecer unha programación cultural diversa e de calidade dirixida a toda a poboación.*

*Por todo o anterior, o concello de Porto do Son é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*



*Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

